

Praia de A Rapadoira

PUNTO DE INFORMACIÓN:

A Oficina de Información Turística do Concello de Foz está na dirección. Avda. da Ribeira s/n edificio CENIMA situado fronte á Casa do Mar O teléfono e 982 132 426. A propia praia tamén dispón dun punto de atención situado na Bibliopraia, onde atenderán calquera dúbida ou consulta.

POLÍCIA LOCAL:

A Praia de A rapadoira contará con presenza policial segundo protocolo definido polos mandos da Policía Local, en horario de 12 a 20 horas dende o 01 de xullo ao 15 de setembro. Noutras tempadas (festas ou eventos especiais), manteranse os servizos mínimos.

PAPELEIRAS, CONTEDORES E RECOLLIDA SELECTIVA:

Existe un servizo diario de limpeza na praia de A Rapadoira, mediante o cal se limpa a superficie das praias e as súas infraestruturas e accesos. Ademais, hai localizadas papeleiras e contedores para a recollida selectiva dispostos nos accesos principais, que se baleiran diariamente.

ANÁLISIS DA CALIDADE DA AUGA:

Na praia de A rapadoira existe un servizo de análises da auga realizadas a través da Xunta de Galicia, realizado cada 15 días, mediante o cal se pretende levar a cabo un seguimento das augas de baño desta praia, conseguindo así unha garantía de calidade. Os resultados destas análises actualizados pódense consultar nos paneis informativos situados nos principais accesos das praias dende o 01 xullo ao 15 de setembro.

SISTEMA DE QUEIXAS E SUXERENCIAS:

Existen follas de reclamacións e suxestións á disposición dos usuarios da Praia de A Rapadoira nos puntos de información e nos módulos de salvamento das praias. Tamén na páxina web do Concello de Foz e no Punto de Información Turística hai un buzón de suxestións para calquera idea que se queira aportar. Ademais, dentro do sistema de calidade pertencente a estas praias, existen rexistros para as incidencias e non conformidades detectadas diariamente nas praias.

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO CONCELLO DE FOZ

O concello de Foz adquiriu compromisos tanto de calidade como de xestión ambiental que se reflexan nas políticas de xestión de praias e ambientais aprobadas pola xunta de goberno local e que están expostas ao público.

INDICADORES SIGNIFICATIVOS:

- 1. Número de avisos, primeiros auxilios, traslados a centros sanitarios e rescates feitos.** Valor acadado no 2012: 1 (nun rango de 1-5)
- 2. Número de queixas sobre os servizos de mantemento e limpeza de instalacións e equipamentos.** Valor acadado no 2012: 2
- 3. Número de queixas sobre los servizos de vixilancia.** Valor acadado no 2011: 0
- 4. Número de queixas sobre a información dispoñible (punto de información, paneis...)** Valor acadado no 2012: 0
- 5. Calificación obtida na realización de la enquisa aos usuarios.** Valor acadado no 2012: 3,13 (nun rango de 1-5)

Praia de A Rapadoira

6. **Número de enquisas realizadas.** Valor alcanzado en el 2012: 15
7. **Tempo de reparación de equipamentos.** Valor acadado no 2012: menor de 24 horas.
8. **Accións realizadas para a mellora nas infraestructuras da praia.** Valor acadado no 2012: 0.
9. **Nº documentos para a difusión do sistema de calidade implantado na praia colocados na páxina web.** Valor acadado no 2012: 3 (publicáronse na paxina web a política de calidade e medio ambiente, a Carta de Servizos da praia e a Declaración ambiental). **Frecuencia da difusión das cuñas radiofónicas.** Valor acadado no 2012: frecuencia diaria do 20 de xuño ao 15 de setembro.
10. **Recollida selectiva de residuos na praia,** Valor acadado no 2012: 8 tipos de residuos (cartón, vidro, plásticos, orgánico, pilas, cd's, bombillas e aceite usado)
11. **Volumen de auga consumida período estival. Valor acadado no 2012:** O valor foi de 9103 m³. Aumentou o consumo de auga respecto o ano anterior, xa que houbo que poñer máis rego na zona do Campo de Anderramos e tamén sufrimos unha pequena fuga xa arranxada.

OBXETIVOS LOGRADOS NO 2012:

1. **Dispor de máis material para a adecuada realización das tarefas de socorrismo e salvamento que melloren a súa actividade na praia.-** En nº supera la situación final acadada.
2. **Dar a coñecer a Praia a través da creación dunha ruta que comeza na mesma Praia Rapadoira e remata na Praia Areoura.-** Dispónse dun cartel de sinalización.

OBXETIVOS ESTABLECIDOS PARA O 2013:

- Mellora das infraestructuras da praia A Rapadoira: instalación dunha nova ducha xa que a que estaba deteriorouse.
- Completar o material para a mellora do servizo de seguridade e salvamento
- Difusión da praia e do seu entorno. Dar a coñecer a praia a través da creación da **Ruta de senderismo das Praias** que empeza na Rapadoira e remata na praia da Areoura, mediante a ampliación da sinalización da mesma.
Para máis información, consultar a web: senderosazules.org
- Redución en costes de mantemento en elementos da praia, mediante a substitución de parasoles.

